

**Resolución do 5 xuño de 2017, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) pola que se modifica a Resolución do 29 de abril de 2016 da Amtega pola que se acorda encomendar á Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A., a realización dun programa de investimentos para estender a cobertura poboacional e territorial da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, e optimizar a prestación de servizos e aplicacións para as entidades adheridas, cofinanciada nun 80% polo FEDER no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020**

**Primeiro.-** Segundo o artigo 6 do estatuto da Amtega aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Amtega e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións; a definición, consolidación e homoxeneización da infraestrutura TIC e os servizos de telecomunicacións do sector público autonómico; a dirección xestión e modernización da infraestrutura TIC da Xunta de Galicia e a planificación e ordenación do mapa de infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

**Segundo.-** Previa autorización do Consello da Xunta de Galicia, a Amtega, mediante Resolución de 29 de abril de 2016, encomendou a Retegal, S.A. a realización dun programa de investimentos para estender a cobertura poboacional e territorial da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, e optimizar a prestación de servizos e aplicacións para as entidades adheridas.

De conformidade co seu resolvo segundo, o orzamento desta encomenda ascende á cantidade máxima de 4.100.000,00 euros destinada a sufragar os gastos derivados das actuacións que constitúen o seu obxecto, coa seguinte distribución por anualidades:

- Ano 2016: 3.000.000,00 euros
- Ano 2017: 1.100.000,00 euros

**Terceiro.-** Con data 6 de abril de 2017, Retegal, S.A. achegou á Amtega escrito no que informa que – unha vez analizados os obxectivos acadados ata o momento e os previstos para o exercicio 2017, a antedita entidade executará, certificará para a anualidade 2017 a cantidade de 95.998,22 euros sen IVE (116.157,85 euros IVE engadido) do total previsto na encomenda, sen prexuízo de cumprir coa totalidade dos obxectivos establecidos na mesma.

En base ao anterior e considerando o compromiso do ente encomendado de cumprir a totalidade dos obxectivos inicialmente previstos, D<sup>a</sup> Mar Pereira Álvarez, directora da Amtega, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Amtega e se aproban os seus estatutos e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Amtega

## **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Modificar o apartado segundo da parte dispositiva da Resolución do 29 de abril de 2016 da Amtega pola que se acorda encomendar á Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A., a realización dun programa de investimentos para estender a cobertura



poboacional e territorial da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, e optimizar a prestación de servizos e aplicacións para as entidades adheridas, cofinanciada nun 80% polo FEDER no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, que queda redactado como segue:

**“Segundo:** O orzamento a que se refire a presente encomenda ascende á cantidade máxima de 3.116.157,85 euros, cantidade destinada a sufragar os gastos derivados das actuacións que constitúen o obxecto da presente encomenda.

O financiamento desta encomenda ata o referido importe máximo realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 04.A1.571A.626.0 dos orzamentos da Amtega, coa seguinte distribución:

<i>Aplicación</i>	<i>2016</i>	<i>2017</i>
04.A1.571A.626.0	3.000.000,00	116.157,85

Estas actuacións correspondentes ás anualidades 2016, 2017, estarán cofinanciadas nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, dentro da seguinte medida:

- *Obxectivo temático: 02 – Mellorar o uso e calidade das TIC e o acceso ás mesmas*
- *Prioridade de inversión: 02.03 – Reforzo das aplicacións das TIC para a Administración Electrónica, aprendizaxe electrónica, a inclusión electrónica, a cultura electrónica e a sanidade electrónica*
- *Obxectivo específico.02.03.01 -promover os servizos públicos dixitais, alfabetización dixital e-aprendizaxe, e-inclusión, e-saude*
- *Liña de actuación: Plan para a calidade e seguridade de infraestruturas críticas.*

Esta encomenda non presenta unha estrutura de carácter oneroso, polo que Redes de Telecomunicación Galegas Retegal S.A., percibirá unicamente os importes estipulados anteriormente para cada anualidade previa xustificación das tarefas executadas e gasto realizado, e certificación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia de que as actuacións se realizaron conforme co establecido na encomenda.

Realizarase un pagamento en concepto de anticipo correspondente ao cincuenta por cento (50%) do orzamento total de cada anualidade, de acordo co establecido no artigo 50.2 da Lofaxga.

Unha vez xustificado o importe do anticipo, poderán facerse pagamentos parciais mediante presentación de factura e documentación xustificativa dos traballos realizados, que deberá ser certificada de conformidade pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

*Ao remate de cada anualidade, Retegal emitirá factura polo importe restante dos traballos executados e debidamente acreditados correspondentes á mesma.*

*O importe total dos pagamentos a realizar a Retegal será igual á suma dos importes dos contratos derivados das actuacións realizadas en execución da presente encomenda de xestión, estando Retegal na obriga de xustificar o 100% do importe executado no momento en que estean rematados os traballos”.*

**Segundo:** Manter a vixencia da “Resolución do 29 de abril de 2016 da Amtega pola que se acorda encomendar á Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A., a realización dun programa de investimentos para estender a cobertura poboacional e territorial da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, e optimizar a prestación de servizos e aplicacións para as entidades adheridas, cofinanciada nun 80% polo FEDER no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020” en todo o demais.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2017

A directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Mar Pereira Álvarez

